

# NOME CIENTÍFICO

*Ficus carica*

## Descrición:

Árbore de porte baixo, máis semellante a un arbusto, que soe acadar os 3-10 de altura. A súa codia é lisa e de cor grisáceo.



55

**As súas flores.** Curiosamente existen variedades dioicas, que producen flores dun único sexo en cada individuo, ou monoicas, que presentan flores masculinas e femininas no mesmo árbore.

**Familia:** Moraceae  
**Orixe:** SO de Asia  
**Nome común:** Figueira



56



58



57

**As súas follas** son caducas e de grandes dimensións, en torno a 12-25 de longo e 10-18 de ancho, e formadas por entre tres e cinco lóbulos.

**O froito.** Produce un tipo de froito composto especial que se denomina figo.

# *Ficus carica*

## **Hábitat**

Orixinario de Asia suroccidental. En Galicia non medra de xeito espontáneo pero existe un importante cultivo da figueira dende moi antigo, especialmente nas Rías Baixas, onde deu lugar a gran cantidade de topónimos. Prefiren solos rochosos e incluso muros, onde poucas plantas prosperarían. Soporta ben a seca estacional.

## **Usos ou propiedades**

Fundamentalmente culinario, existindo dúas modalidades básicas para o consumo dos seus froitos, como froitos frescos de tempada ou secos, que sería a forma tradicional de conservación dos mesmos. Produce un látex (leito de figo) que se utilizou antigamente para combater as caries e as verrugas da pel, evidentemente sen maior resultado.

## **Categoría IUCN**

Preocupación menor (LC)

## **Curiosidades**

Símbolo de abundancia e xenerosidade, xa que pese a ter uns requirimentos para o seu crecemento baixos, produce moito. Foi unha das primeiras especies vexetais cultivadas polo home, atopándose figos fosilizados en poboados neolíticos de Xordan cunha antigüidade en torno aos 9000 anos, podendo ser o primeiro caso coñecido de agricultura.